

Xinkgo

Ginkgo biloba, L



Xinkgo Pazo de Fonseca (Santiago de Compostela)

Aínda que frecuente na xardinería, os xinkgos son auténticas rarezas. De orixe asiática, a súa singularidade reside en que se trata dunha especie “illada da evolución”, un verdadeiro fósil vivente sen parentes que sobreviven aos milleiros de anos que ten a especie sobre o planeta. O seu antigo nome chinés *yínguo* procede da tradución dos caracteres 銀果, que significan “froito de prata” ou “albaricoque prateado”.

Descrición e ecoloxía

O xinkgo é unha ximnosperma, e o único representante dunha familia da que só se coñecen especies fósiles. É unha árbore moi alta e maxestosa, que acadada os 40-50 metros de altura, e moi lonxeva (algúns exemplares en China e Xapón superan os 2.000 anos), de porte lixeiramente piramidal ou cónica e pólas longas. O seu sistema radical é profundo, adaptado a resistir fortes ventos e nevaradas. Os exemplares novos amósanse delgados e con pólas espalladas que van enmestecendo a medida que crecen. As follas, de entre 5 e 10 cm, teñen forma de abano,



reunidas en acios pequenos con veas paralelas e de cor verde escura que vai mudando a amarelo brillante no outono xusto antes de caeren. O aspecto da árbore, dourada en outono, é simplemente espectacular.

O xinkgo é unha especie dioica, é dicir, flores masculinas e femininas aparecen en árbores distintas, aínda que raramente florece. As masculinas aparecen en forma de piñas que semellan acios xunto as follas e penden en grupos compactos. As femininas, como diminutas landras, de 1 cm e cor avermellada, xorden solitarias no extremo dun longo pedúnculo. A finais do verán estas flores inchanse e dan lugar ao froito, carnoso de cor castaña amarelada que recorda a un pequeno melocotón. Malia o seu atractivo aspecto este froito, rico en ácido butanoico, desprende un cheiro desagradable. Isto fai que os

pés femininos sexan moito menos empregados na xardinería. O froito, non obstante, coléctase en China polas súas propiedades medicinais.

O xinkgo, ademais da súa grande capacidade para resistir as condicións ambientais máis adversas, é extraordinariamente resistente ao ambiente contaminado de moitas grandes cidades, polo que foi amplamente plantado en parques e xardíns das grandes urbes do planeta. Algúns exemplares resistiron ao efecto das bombas atómicas lanzadas polo exército americano sobre Hiroshima. Esta mestura de resistencia, lonxevidade, un soberbio porte, e as súas propiedades para a medicina tradicional chinesa e xaponesa, converteu o *icho* ou *ginkyo* xaponés, nunha árbore sagrada para a tradición budista, adoitándose plantar a carón dos pagodes e nos xardíns dos templos.



Os froitos de xinkgo



Usos

Orixinario do leste de Asia (Xapón, Corea, China), os primeiros xinkgos foron traídos a Europa por mariñeiros holandeses. Usados como material de construción na súa zona de distribución natural, en Europa empregáronse máis polo seu aspecto decorativo, como árbores urbanas, debido á beleza do seu porte e a súa extraordinaria resistencia. Porén, en parafarmacias e herboristarias e mesmo en farmacias convencionais é común atopar produtos que conteñen extractos de xinkgo. Aínda que suscita controversia, parece ser que as súas propiedades están relacionadas co tratamento de trastornos circulatorios e neurolóxicos derivados dos procesos de avellentamento.

As follas de xinkgo son ricas en flavonas, lactonas terpénicas e fitosteróis que teñen efectos como vasodilatadoras, venotónicas, neuroprotectoras, antiagregantes plaquetarios, diuréticas e antioxidantes.

Na medicina tradicional chinesa empréganse as sementes para combater as flegmas en ataques asmáticos e bronquites, como antialérxico, para a incontinencia urinaria e outras moitas aplicacións. As follas foron destinadas a aliviar trastornos de circulación, problemas da pel e inflamacións reumáticas.

Parece existir un maior consenso sobre a súas propiedades para mellorar os trastornos circulatorios, sobre todo na dor e cansazo das pernas, especialmente en idades avanzadas. Tamén noutros como hemorroides e varices, na prevención de trombos, derrames cerebrais e arteriosclerose polas súas propiedades vasodilatadoras e antioxidantes.

Outras curiosidades

Restos fósiles moi próximos ao xénero xinkgo remóntanse ao Pérmico, hai 275 millóns de anos, e a propia especie atribúese ao principio do Xurásico, hai 213 millóns de anos, na era dos dinosauros.

Hai 7 millóns de anos o xénero desapareceu do rexistro fósil de Norteamérica, e de Europa fíxoo hai 2,5 millóns de anos. Os científicos dérono por extinguido, pero en 1691 un alemán, Engelbert Kaempfer, descubriu un exemplar en Xapón. Posteriormente a principios do 1700 o propio Kaempfer levaría sementes de xinkgo a Europa. A primeira árbore femia atopouse preto de Xenebra no 1814.

O 6 de agosto de 1945 caía sobre Hiroshima a primeira bomba atómica que se usaba como arma de guerra. Na cidade nipona morrían ao instante 140.000 persoas, cifra que foi aumentando nos días seguintes ata chegar a ao redor de 350.000. Os edificios quedaron arrasados e a devastación foi case total. A apenas un quilómetro do epicentro da explosión, a carón dun templo que tamén quedou derrubado, sobrevivía

unha árbore, o *Xinkgo biloba*, que un ano despois brotaba de novo coma se nada pasase.

Árbore senlleira

No Catálogo de Árbores Senlleiras de Galicia figuran os dous exemplares, macho e femia, do palacio de Fonseca en Santiago de Compostela. Descoñécese a súa antigüidade pero algunhas estimacións falan de 138 anos. O exemplar femia a piques estivo de secar por causas que se descoñecen, pero en maio do 2016 comezou a abrollar de novo o que supón unha moi boa nova xa que son estas dúas árbores, xunto cun exemplar plantado no xardín botánico de Granada como os máis antigos de España.

Na mesma capital compostelá existen outros exemplares no Campus Vida, no estanque do Auditorio ou no colexio maior Xelmirez.

Os dous exemplares de Xinkgo do Pazo de Fonseca

